

## **CONCURSO DE FOTOGRAFÍA GALERÍA VINTE VINTE**

O Concello de Malpica de Bergantiños propónse crear unha exposición de fotografía baixo o título de *Galería Vinte Vinte*. Con este obxectivo convoca un concurso de fotografía co mesmo nome para impulsar esta iniciativa.

A exposición *Galería Vinte Vinte* constará, inicialmente, de 10 fotografías que serán seleccionadas polo público a través do perfil de facebook do Concello de Malpica (<https://www.facebook.com/concellodemalpica/>). Finalizado o proceso participativo, o Concello de Malpica, a través da Concellaría de Cultura, Olería, Igualdade e Patrimonio determinará os espazos e calendario nos que se exporán as obras da *Galería Vinte Vinte*.

### **BASES PARA A PARTICIPACIÓN NO CONCURSO DE FOTOGRAFÍA GALERÍA VINTE VINTE**

#### **1) Participantes:**

- a) Poderán participar todas as persoas que o desexen, calquera que sexa a súa nacionalidade.

#### **2) Fotografías e textos:**

- a) As fotografías poderán ser en cor ou b/n, deberán ter título e acompañarse dun texto libre que terá unha extensión máxima de 15 palabras. O título e o texto libre deberán estar escritos en lingua galega.
- b) A temática das fotografías versará sobre o período de confinamento e poderán ser imaxes interiores ou exteriores sempre que se realicen dende unha xanela ou un balcón ou terraza.
- c) Cada persoa só poderá facer unha proposta de fotografía con título e texto libre para o Concurso de Fotografía *Galería Vinte Vinte*.
- d) As obras que se presenten deberán ser orixinais que non se tivesen publicado en ningún formato.
- e) De conter imaxes de persoas, especialmente se son menores a/o autora/r responsabilizarase de obter os permisos para difusión en redes sociais previamente ao seu envío, para participar no concurso.

#### **3) Categorías:**

Establécense dúas categorías:

Xuvenil: de 12 ata 17 anos.  
Adultas/os: de 18 anos en adiante.

#### 4) Prazo de presentación:

O prazo para a presentación das fotografías estará aberto dende ás 00.01 h. do 1 de maio, ata ás 23.59 h. do 20 de maio de 2020.

#### 5) Envío das fotografías:

a) As fotografías enviaranse por correo electrónico ao enderezo educacionecultura.malpica@gmail.com.

b) No correo deber figurar como asunto: “Galería Vinte Vinte xuvenil/adultas/os” (segundo a categoría que corresponda), e acompañarase de tres documentos (A, B e C):

**Documento A.** Nomearase do seguinte xeito: “Documento A: *Título da fotografía*”. Conterá a fotografía en formato .jpg, un tamaño máximo de 5 MB, sen sinatura.

**Documento B.** Nomearase do seguinte xeito: “Documento B: *Título da Fotografía*”. Conterá o texto libre en formato .doc, .docx ou odt.

**Documento C.** Nomearase do seguinte xeito: “Documento C: *Título da Fotografía*”. Conterá os datos da persoa concursante: nome e apelidos, enderezo postal, correo electrónico e número de teléfono.

c) No caso de que a persoa concursante sexa menor de idade, xuntarase a maiores unha autorización asinada pola nai, o pai ou a/o titora/r legal cos seus datos correspondentes.

d) As fotografías recibidas sen identificación ou con identificación incompleta quedarán automaticamente excluídos do concurso.

#### 6) Publicación das fotografías:

a) Os dereitos de publicación das obras seleccionadas corresponden á/ao autora/r agás a publicación nas redes sociais do Concello de Malpica de Bergantiños que se realicen como consecuencia do procedemento recollido nestas Bases e a primeira edición, en formato papel, que será propiedade do Concello de Malpica de Bergantiños e a exposición *Galería Vinte Vinte*.

b) Todas as fotografías e os textos libres que as acompañen que se presenten a esta convocatoria publicaranse no perfil da facebook do

Concello de Malpica de Bergantiños (<https://www.facebook.com/concellodemalpica/>) ás 24 horas da súa recepción.

- c) As obras seleccionadas formarán parte da exposición Galería Vinte Vinte.
- d) Así mesmo, o Concello de Malpica reservarase os dereitos da primeira edición en papel das obras seleccionadas. O Concello de Malpica disporá do prazo dun ano, a partir da data en que se fagan públicas, para realizar a primeira edición. Transcorrido ese prazo eses dereitos corresponderán ás/aos autoras/es.
- e) Coa participación nesta convocatoria, as/os autoras/es autorizan ao Concello de Malpica de Bergantiños, sen contraprestación algunha e de xeito expreso, a reproducir (total ou parcialmente), comunicar publicamente (total ou parcialmente) e distribuír (total ou parcialmente) as fotografías e textos en calquera forma ou soporte, para todo o mundo e no prazo dun ano dende a data de comunicación pública da selección. O Concello de Malpica de Bergantiños respectará, en todo caso, os dereitos morais que as/os autoras/es posúan sobre as súas obras.

## 7) Selección das obras gañadoras:

- a) As 5 fotografías que obteñan máis *me gusta*, en cada categoría, no perfil de facebook do Concello de Malpica (<https://www.facebook.com/concellodemalpica/>), ás 23.59 horas do día 21 de maio, serán seleccionados para formar parte da *Galería Vinte Vinte*. Ademais ás fotografías que acaden máis *me gusta* en cada categoría, corresponderalles:

**Categoría Xuvenil** – Lote de accesorios de fotografía para o teléfono móbil composto de: trípode tipo gorila pod, lentes de conversión efecto gran angular, macro e teleobxectivo, memoria USB externa, funda de tarxetas sd e batería externa.

**Categoría Adultos** – Unha peza da Olería de Buño de deseño exclusivo para esta convocatoria.

- b) Todas/os as/os autoras/es que participen neste proceso serán convidados á inauguración da exposición *Galería Vinte Vinte*.

## 8) Comunicación das obras seleccionadas

- a) As obras seleccionadas daranse a coñecer *pola web e redes sociais do Concello de Malpica o 24 de maio de 2020*.

- b) O Concello de Malpica de Bergantiños entregará os agasallos ás persoas autoras das obras seleccionadas no acto de inauguración da exposición *Galería Vinte Vinte*. Esta fixarase polo Concello de Malpica de Bergantiños dentro dos 90 días seguintes á publicación das obras gañadoras nas redes sociais do Concello de Malpica ou no seu defecto da data do levantamento do confinamento. As/Os autoras/es das obras seleccionadas deberán facilitar previamente unha copia do seu DNI para verificar os seus datos.

## 9) Tratamento de datos persoais

Os datos da/os participantes serán incorporados a un ficheiro responsabilidade do Concello de Malpica de Bergantiños, coa única finalidade de xestionar o proceso participativo do *Concurso Galería Vinte Vinte* e contactar coas persoas autoras das obras seleccionadas. En ningún momento se empregará esta información para posteriores actuacións. As autoras e autores poderán exercer os seus dereitos de acceso, rectificación, oposición e cancelación mediante escrito ao correo electrónico [educacionecultura.malpica@gmail.com](mailto:educacionecultura.malpica@gmail.com), ou ao Concello de Malpica de Bergantiños rúa Emilio González López, 1 15113 Malpica de Bergantiños. O Concello de Malpica de Bergantiños comprométese a tratar en todo momento os seus datos de carácter persoal de forma absolutamente confidencial e de acordo coas finalidades previstas nas presentes bases.

## 10) Outros

- a) O Concello de Malpica de Bergantiños ten a capacidade de decidir sobre a interpretación das bases en última instancia ou sobre a súa modificación en caso de erro sendo a súa decisión inapelable.
- b) O feito de participar nesta convocatoria implicará a total aceptación das súas bases.